

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 23 DE ABRIL DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día vinte e tres de abril do ano dous mil trece, tivo lugar en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz
- D^a. Teresa Vicente Baz

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 11 de abril de 2013, ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela polo que a referida acta foi aprobada.

PUNTO 2.- ACORDOS

Lese o escrito RE 234 de data 16 de xaneiro de 2013, presentado por D^a. ANA LUISA GALIÑANES GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Coruto Vello, nº 52 da Guarda, solicitando que se lle emita o recibo de auga do obxecto tributario Coruto Vello, nº 52 correspondente o 4º trimestre de 2012 por unha media ponderada, dado que se produxo unha avaría que foi imposible detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 4º trimestre de 2012 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 1.958 de data 16 de abril de 2013, presentado por Dna. MERCEDES COEDO GONZÁLEZ, actuando no seu propio nome e en representación de Dna. Beatriz e Dna. Araceli Coedo González, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Concepción Arenal, nº 25-3º da Guarda, solicitando a anulación dos recibos por consumo de auga correspondentes ao 4º trimestre de 2012 con ID 130018443, 130018444 e 130018445 por un erro na lectura e a emisión doutros coa lectura correcta.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da empresa encargada do servizo de lectura de contadores, acorda anular os recibos do cuarto trimestre de 2012 con ID 130018443, 130018444 e 130018445 e emitir uns novos coa lectura correcta.

Lese o escrito RE 2.053 de data 22 de abril de 2013, presentado por DNA. MERCEDES BERRIDY FRANCO, con domicilio na Urbanización San Telmo de Saa, B4 da Guarda, solicitando autorización para instalar un inchable no parque público sito nesta urbanización con motivo dunha festa infantil o día 19 de maio de 2013.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o parque de San Telmo é de titularidade pública e polo tanto o seu uso é público, pero non debe permitirse un uso privativo como o que se pretende coa colocación dun inchable.

Lese o escrito RE 2.040 de data 19 de abril de 2013, presentado por CONCELLO DO ROSAL, solicitando a colaboración da Policía Local na celebración do "Correlingua 2013" o vindeiro 10 de maio.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e dar traslado a Policía Local.

Dase lectura do escrito RE 2.037 de data 19 de abril de 2013, presentado por D. JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ESTEPA, domiciliado na Barriada Virgen de la Cabeza bloque R, bajo derecha en Andújar (Jaen), solicitando autorización para exercer a actividade de fotografo nas festas do Monten Santa Tegra 2013.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que debe dirixirse a Asociación O Cancelón que é a organizadora das Festas do Monte 2013.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello comunicando a setencia dictada o 16 de abril de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 382/2011 entablado por Dna. Antolina Martínez Pérez contra a resolución do 14 de xullo de 2011 desestimatoria do recurso de reposición entablado contra outra de 8 de abril de 2011 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda polos danos e perxuízos sufridos como consecuencia dunha caída na rúa Inguieiros a causa da presenza de grava na calzada.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 2.021 de data 18 de abril de 2013, presentado por D. XERMÁN CORDERO VERDE, en calidade de Presidente do Centro Democrático Liberal da Guarda, e con domicilio a efectos de notificacións na rúa Fontiña, nº 3-1º da Guarda, solicitando unha copia do documento de inicio do novo Plan Xeral de Ordenación Urbana da Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o documento non está en exposición pública e que só foi entregado aos grupos políticos con representación na corporación.

Lese o escrito RE 1.942 de data 15 de abril de 2013, presentado por D. CARLOS PACHECO ACEVEDO, con enderezo na rúa República Dominicana, nº 30-1º A da Guarda, solicitando autorización para realizar un concerto de rock de grupo locais na Estación de Autobuses; solicitan tamén escenario, contenedores e toma de corrente.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se pode acceder ao solicitado salvo que estea avalado por algunha asociación.

Lese o escrito RE 2.068 de data 23 de abril de 2013, presentado por D. JOSÉ MANUEL RENDA ALVAREZ, con enderezo na rúa 3ª Transv. A Cruz, nº 24 da Guarda, solicitando informe urbanístico sobre as licencias concedidas para contrucción de vivenda e garaxe a D. Ramón González González.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado dando traslado a Urbanismo para que lle sexa facilitado dito informe.

PUNTO 3.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A INVERSIONES GALCANARY 2002, S.L., R.E. Nº. 1.361 DE DATA 15 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA AVDA DE ORENSE Nº. 44 (LOCAL 6) DE MARIN-C.P. 36900, PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA USO COMERCIAL SITO NA RÚA DE VICENTE SOBRINO Nº. 1-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.) “EDIFICACIÓN EN ZONAS DO NÚCLEO ANTIGO”.

PUNTO 4.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por DNA. RAQUEL RODRÍGUEZ CASALEIRO (RE 1.656 de 01.04.2013), para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de Manuel Álvarez, nº 14-baixo que antes figuraba a nome de A CASIÑA, C.B.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a DNA. RAQUEL RODRÍGUEZ CASALEIRO cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de A CASIÑA, C.B. para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de Manuel Álvarez, nº 14-baixo de A Guarda.

PUNTO 5.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por DNA. SANDRA GONZÁLEZ LOMBA (RE 1.906 de 11/04/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de SALÓNS E INSTITUTOS DE BELEZA (EPIG. 972.2) situado na rúa de Vicente Sobrino, nº 30-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. SANDRA GONZÁLEZ LOMBA licencia municipal nº 11/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de SALÓNS E INSTITUTOS DE BELEZA (EPIG. 972.2) situado na rúa de Vicente Sobrino, nº 30-baixo (ROOM STYLE).

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por DNA. TERESA MARTINEZ FEIJOO (RE 1.944 de 15/04/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de PINTORES, ESCULTORES, CERAMISTAS, ARTESÁNS (EPIG. 861) situado na rúa de Agustín Nandín Lomba, nº 2-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. TERESA MARTINEZ FEIJOO licencia municipal nº 12/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de PINTORES, ESCULTORES, CERAMISTAS, ARTESÁNS (EPIG. 861) situado na rúa de Agustín Nandín Lomba, nº 2-baixo (TAREIXA - TALLER DE PINTURA).

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por DNA. NATALIA LOMBA MARTINEZ (RE 1.969 de 16/04/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de AXENCIA DE VIAXES (EPIG. 755) situado na rúa de Manuel Álvarez, nº 12-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. NATALIA LOMBA MARTINEZ licencia municipal nº 13/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de AXENCIA DE VIAXES (EPIG. 755) situado na rúa de Manuel Álvarez, nº 12-baixo (BARCELÓ VIAJES).

PUNTO 6.- TRAMITACIÓN LICENCIA DE APERTURA

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de CHANCARELLOS, C.B., representado por D. SERGIO JOEL CALDERÓN GONZÁLEZ, R.E. Nº 459 DE DATA 30 DE XANEIRO DO 2013 no que solicita LICENCIA DE ACTIVIDADE PARA “CAFÉ-BAR”, para o local sito na rúa de Malteses, nº 119 deste término municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, de 30 de novembro de 1961, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetándose as distancias e non existindo na zona actividades análogas que poidan producir efectos aditivos .

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a licencia de actividade solicitada por CHANCARELLOS, C.B. PARA LICENCIA DE ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR no local sito na rúa de Malteses, nº 119 deste término municipal.

SEGUNDO : Dadas as características da actividade que se pretende, propoñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

TERCEIRO: Dar traslado do expediente á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Sendo as trece horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.